



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ORDES

Información pública aprobación padrón fiscal

ANUNCIO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN EDAR E LIXO, 4º TRIMESTRE 2023.

Por acordo da Xunta de Goberno de 19 de xaneiro de 2024, prestouse aprobación ao padrón fiscal polo servizo de abastecemento de auga, lixo, saneamento, depuración EDAR e llixo, incluído o canon da auga correspondente ao período do 4º trimestre do 2023.

Conforme o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, nos artigos 24 e seguintes do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, o citado padrón queda exposto ao público aos efectos de presentación das reclamacións que se estimen oportunas, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, por un período de 15 días dende a publicación.

Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses, a contar dende o día seguinte á publicación do edicto no BOP. Transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargos de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003. A falta de pago en período voluntario do canon da auga suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, transcorrido o período de exposición pública, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, como establece o artigo 14.2 do R.D. lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución. Indicar tamén que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Ordes, a 22 de xaneiro de 2024.

O Alcalde,

José Luis Martínez Sanjurjo

2024/434